


CELEBRACIÓN EN OS COTOS (na igrexa)

9-10 de xullo do 2022

XV ORDINARIO C



OS COTOS COA IGUALDADE VERDADEIRA DAS PERSOAS,
COS POBOS QUE SOFREN INXUSTIZA E ABANDONO,
COS REFUXIADOS E MARXINADOS DA SOCIEDADE,
COA NATUREZA MALTRATADA
E CON RESPONSABILIDADE PERSOAL ANTE A COVID-19



1.- ENCONTRO DA COMUNIDADE

(tod@s de pé)

@ monitor/a está na sé

SAÚDO DE BENVIDA

🎵 *nº 4 Amigos nas penas*

Celebrante:

Benvidos sexamos todos a esta celebración. Reunímonos para compartir en comunidade a nosa fe no nome do Pai, do Fillo e do Espírito Santo.

Nas celebracións destas últimas semanas Xesús nos convidou a que o seguíramos dende unha decisión persoal e libre; logo pediunos que fóramos as testemuñas do evanxeo no mundo no que vivimos. Hoxe dá un paso máis: móstranos como ten que ser a nosa vida como seguidores seus. Coa parábola do bo samaritano quérenos dicir cal é o sentido fundamental da vida dun cristián: “amor ao próximo”.

Compartindo a celebración da fe dámonos conta que Xesús conta con nós como as súas testemuñas e por iso temos que estar atentos ás persoas coas que convivimos e tamén aquelas outras que necesitan das nosas mans porque sofren, están soas, e non teñen a ninguén que se preocupe das súas vidas.

É a nosa responsabilidade como cristiáns: amar a Deus nos nosos irmáns.

ACTO PENITENCIAL

Celebrante: *Moitas veces somos indiferentes e miramos para outro lado ante quen precisa de nós; en vez de achegarnos a quen sofre ou está só, aloxámonos para que non nos amole. Temos que recoñecelo e pedir perdón a Deus e os irmáns, por iso queremos comprometermos:*

Monitor/a

- Comprometémonos a vivir nas palabras e nos feitos que nos fan “bos samaritanos”?

SÍ, COMPROMETÉMONOS

- Comprometémonos a vivir nas palabras e nos feitos que teñen as persoas de bo corazón?

SÍ, COMPROMETÉMONOS

- Comprometémonos a vivir nas palabras e nos feitos que nos levan a ser solidarios cos que sofren?

SÍ, COMPROMETÉMONOS

Celebrante: *Deus todopoderoso teña piedade de nós, dos que teñen un lugar no noso corazón e na nosa vida, e das persoas maltratadas nos camiños da vida. A todos nos conceda o Señor o perdón dos pecados, e a todos por Cristo Resucitado nos leve á vida eterna. Amén.*

ORACIÓN PROPIA DO DÍA

Celebrante: *Rematamos a primeira parte da celebración presentando no silencio o que rebule no noso interior. Facémolo doídos e necesitados de paz, e pedimos hoxe por Emilio e Ramiro, que serán ordeados sacerdotes na nosa diocese esta tarde.*

(Silenzo)

Celebrante:

Deus, noso Pai, Ti móstraslles aos que andan perdidos a luz da túa verdade, para que poidan volver ao bo camiño. A todos os que nos confesamos cristiáns concédenos rexeitar o que é indigno deste nome e buscar todo o que lle é conforme. Pedímoscho por Xesucristo que vive e reina por sempre eternamente. Amén.

2.- PROCLAMACIÓN DA PALABRA DE DEUS

(sentad@s) a palabra de Deus proclámase dende o ambón

Leccionario I-C páx 217 Dt 30, 10-14 LECTURA

LECTURA DO LIBRO DO DEUTERONOMIO

Daquela faloulle Moisés ao pobo dicindo:

- Si, faille caso á voz do Señor, o teu Deus, gardando os seus mandamentos e os seus preceptos, o escrito no libro desta lei. Si, convértete ao Señor, o teu Deus, con todo o teu corazón e con todo o teu ser.

Si, este mandamento que eu che mando hoxe non é imposible para ti nin che resulta inaccesible. Non está no ceo para dicires: Quen subirá por nós ao ceo e nolo collerá e nolo fará escoitar, para que nós o cumpramos? Tampouco está da outra banda do mar para dicires: Quen cruzará por nós ao outro lado do mar e nolo collerá e nolo fará escoitar, para que nós o cumpramos?.

Si, a palabra está moi cerca de ti: na túa boca e no teu corazón, para a cumprires.

Palabra do Señor

♪ n° 50 *Na tardiña baixa da vida* SALMO

(en pé) Lec I C páx 220 Lc 10, 25-37 EVANXEO

PROCLAMACIÓN DO SANTO EVANXEO SEGUNDO LUCAS

Daquela ergueuse certo xurista e preguntoulle a Xesús para o poñer á proba:

- Mestre, que teño que facer para herdar a vida eterna?

Xesús respondeulle:

- Que pon a Lei? Que les?

Contestou:

- Amarás ao Señor teu Deus con todo o teu corazón, con toda a túa alma, toda a túa forza e con todo o teu entendemento, e ao próximo coma a ti mesmo.

Xesús díxolle:

- Contestaches perfectamente; cúmpreo e vivirás.

Pero o xurista, querendo xustificarse, preguntoulle:

- E quen é o meu próximo?

Xesús replicou:

- Dunha vez un home baixaba de Xerusalén a Iericó, e asaltárono uns bandidos, que, despois de o roubaren e bateren nel, deixárono medio morto. Cadrou a baixar polo mesmo camiño un sacerdote, que, ao velo, deu un rodeo e pasou de largo. Igual fixo un clérigo, que pasaba por alí: ao chegar e velo, deu un rodeo. Pero un samaritano, que ía de camiño polo mesmo lugar, ao velo, sentiu mágoa; e achegándose a el, curoulle as feridas con aceite e viño e vendoullas. Logo, montouno na súa cabalgadura, levouno a unha pousada e coidouno. Ao outro día colleu dous denarios, deullos ao pousadeiro, e díxolle: "Coida del, e cando volva xa che pagarei o que gastes de máis".

- Quen dos tres che parece que foi próximo do que caeu nas mans dos bandidos?

El respondeu:

- O que practicou a misericordia con el.

Díxolle Xesús:


- Pois ti vai e fai outro tanto.

Palabra do Señor

(sentad@s) gardamos uns instantes de silencio para acoller a palabra no corazón



*Hoxe hai xente que bota a fuxir,
pero tamén hai quen para e dá unha man*



Nós que imos facer?



PROFESIÓN DA FE

Celebrante *Neste encontro parroquial, damos resposta da nosa fe e do noso querer ser solidarios facendo evanxeo coa nosa vida, dicindo*

♪ *Creo, Señor, pero aumenta a miña fe*

Monitor/a:

Crede en Deus,

Pai e Nai que ama a todos sen diferenza e que nos envía para facer un mundo, non de servos e escravos, senón de irmáns?

Creo, Señor, pero aumenta a miña fe

Crede en Xesús Cristo,

que nos convida a seguir os seus pasos, e que nos envía para que nas nosas familias, e nas nosas comunidades deamos testemuño da fe sendo bos samaritanos?

Creo, Señor, pero aumenta a miña fe

Crede no Espírito de Deus,

que nos alenta a colaborar, construíndo unha sociedade, que non asoballe, que respecte e axude a vivir en paz e con solidariedade?.

Creo, Señor, pero aumenta a miña fe

Crede na Igrexa,

comunidade que necesita das nosas mans e dos nosos compromisos, para sermos Igrexa que ama ao próximo como a un mesmo?

Creo, Señor, pero aumenta a miña fe

ORACIÓN UNIVERSAL

Celebrante: Movidos polo fe que compartimos, rezamos coma comunidade dicindo:

Énchenos Señor do teu amor

Monitor/a

✓ Pola Igrexa que formamos todos nós; para que descubramos que só hai un xeito de ir pola vida: camiñando coma o samaritano, cos ollos e o corazón ben abertos para deternos diante de quen precise de nós, oremos

✓ Por todos os samaritanos do mundo de hoxe, aqueles dos que ninguén espera nada bo; pero que aos ollos de Deus practican o amor solidario, oremos

✓ Pedimos por Emilio e Ramiro, para que na vivenza do seu sacerdocio sexan bos samaritanos, oremos

✓ Por todos nós, para que aprendamos que o amor e a solidariedade son o culto principal e primeiro; e que sempre esteamos atentos a aquelas persoas que a nosa sociedade marxina, oremos

✓ Pedimos por todas as persoas que se atopan tiradas por culpa dos camiños da soidade, do racismo, da violencia de xénero, dos abusos ou do fanatismo, para que non lles falten as nosas mans, oremos

Celebrante: Señor, neste noso mundo dividido queremos mostrar o teu amor. Fainos comunidade de crentes capaces de aventurarse no teu camiño e na túa vida coma o bo samaritano. Por Cristo, Noso Señor. Amén

3.- OS SIGNOS DA COMUÑÓN CON DEUS E COA COMUNIDADE

NOSO PAI

Celebrante: Comprometámonos agora co Pai Deus a ser solidarios cos nosos próximos dicindo confiados a oración que nos ensinou o mesmo Xesús:

NOSO PAI ...

SIGNO DA PAZ

Celebrante: Xesús envíanos como as súas testemuñas, sendo e dando exemplo de SOLIDARIEDADE. Temos o compromiso de dar unha man para o Reino. Queremos facelo sendo bos samaritanos, e querendo ao próximo como a nós mesmos. Fagámonos cribles.

COMUÑÓN

Celebrante: A mesa da fe pasa por compartir a mesa da vida. Participar hoxe é comprometerse para medrar no camiño de seguir a Xesús, asumindo a decisión, e ofrecendo as mans para facer evanxeo vivindo o amor e a solidariedade.

Ditosos nós convidados a esta vida e a este pan do Señor.

Señor, eu non son merecente de que entres no meu fogar, mais unha palabra túa abonda para me salvar

🎵 n° 58 **Acharte presente na vida**

4.- AVISOS E DESPEDIDA

ORACIÓN FINAL

Celebrante:

Señor, ti que nos alimentas cos teus dons, pola participación nesta celebración de fe, fai medrar en nós as actitudes e os feitos dende os que viviu Xesús, para que el nos guíe polo camiño do ben.

Pedímoscho a Ti que vives e reinas por sempre eternamente. Amén

O exemplo do Bo Samaritano neste día quere mostrarnos o camiño a seguir na nosa fe.

Non podemos amar a Deus a quen non vemos se non amamos ao próximo a quen “si” vemos.



Poñamos en práctica na nosa vida o que vivimos na fe nesta celebración compartida de hoxe.

Avísase das misas (ver folla do mes)

Que teñamos un bo día, unha boa semana, e o Señor nos bendiga, † nos garde de todo mal e nos leve ao seu fogar de vida eterna. Amén



QUEREMOS SEGUIR A XESÚS



E SER BOS SAMARITANOS